

RESUMO – Resolución 28 febreiro 2024 (Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa)

ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO DE 4º ESO e 2º BAC

☰ Niveles de acreditación:

- Iniciación
- Intermedio

☰ Modalidades de acreditación:

- Obtención do **título de graduado/a** en educación secundaria obrigatoria no curso 2023/24.
- **Proba específica** de acreditación das competencias dixitais de nivel intermedio.
- Obtención do **título de bacharel** no curso 2023/24 e proba específica de acreditación da área de dominio 4 de nivel intermedio.

☰ Acreditación do alumnado de 4º ESO:

- Co **título de graduado/a** obterán o certificado que acredite o nivel de **iniciación**.
- Poderán presentarse a unha **proba específica** para acreditar o nivel **intermedio**.
- Recibirán a **certificación ComDix** de nivel iniciación ou intermedio (segundo sexa o caso), que será emitida de oficio.
- Validez: **5 anos**.

☰ Acreditación do alumnado de 2º BAC:

- Co **título de bacharel** acreditarán ás **áreas de dominio 1,2,3 e 5** do nivel **intermedio** descritas no Marco galego de competencias dixitais (MGCD).
- Poderán presentarse a unha **proba específica** para acreditar o **dominio 4** do nivel **intermedio**.
- Recibirán a **certificación ComDix** que acredita o nivel intermedio de oficio.
- Alumnado que titule **sen superar a proba específica** OU que **non titule e supere a proba específica**: poderá **solicitar documento** no centro que acredite os dominios de competencias dixitais de nivel intermedio superadas (**ANEXO I**). O documento de acreditación axustarase ao **ANEXO II**

PROBAS ESPECÍFICAS:

☰ Requisitos:

- Alumnado matriculado en 4º ESO para o nivel **intermedio**.
- Alumnado matriculado en 2º BAC para o **dominio 4** do nivel **intermedio**.

☰ Solicitude e inscrición:

- O alumnado que o desexe deberá **solicitar a inscrición** nas mesmas (**ANEXO IV**) seguindo o procedemento que estableza o centro.
- Alumnado **menor de idade**: deberá contar coa **autorización** das persoas proxenitoras ou titoras legais.
- **Prazo** de inscrición nos centros: **ata o 11 de marzo**.

☰ Convocatoria no curso 2023/24:

- **Dominio 4** do nivel **intermedio** (alumnado 2º BAC): **abril**.
- Nivel **intermedio** (alumnado de 4º ESO): **maio**
- As probas realizaranse no centro o día e no horario que se estableza dependendo do alumnado inscrito e a dispoñibilidade de equipos informáticos.

☰ Información:

- O **centro** informará ao alumnado destinatario da proba específica sobre o obxectivo e o tipo da proba, o nivel ou a área de dominio de competencias dixitais que se acredita e a data da mesma.
- **Probas**: axustaranse ás cinco áreas de dominio definidas no Marco galego de competencias dixitais (<https://competenciasdixitais.xunta.gal/areas.html>)
 - **Proba específica do nivel intermedio** (para alumnado de 4º ESO):
 - Tempo máximo: **90 minutos**.
 - **60 preguntas** de diferente complexidade e tipoloxía referidas a cada unha das 5 áreas de dominio (12 preguntas por cada área).



- Para superar a proba será necesario responder **correctamente** ao **70%** do total das preguntas (necesario un **mínimo dun 60% de respostas correctas en cada área**).

- **Proba específica do dominio 4 do nivel intermedio** (para alumnado de 2º BAC):
 - Preguntas relativas a **seguridade** e **privacidade**.
 - Tempo máximo: **20 minutos**.
 - **12 preguntas** de diferente complexidade e tipoloxía.
 - Para superar a proba será necesario responder **correctamente** ao **60%** das preguntas.

☰ Organización:

- Necesario dispoñer dun ou varios **espazos dotados** de postos informáticos para uso individual no/s día/s e horario/s que se lles asignen. Ordenador de mesa ou portátil con acceso a Internet e acceso a estes programas: navegador web, solución ofimática (LibreOffice ou equivalente) e lector PDF.
- Cada centro realizará as probas na/s data/s asignada/s.
- Nomearanse a unha ou varias persoas encargadas da organización das probas con estas funcións:
 - Información e resolución de dúbidas sobre as probas específicas.
 - Aplicación das probas.
 - Comunicación de incidencias.
 - Vixilancia e control do desenvolvemento das probas.

OUTRA INFORMACIÓN:

☰ Posta a disposición das certificacións:

- **Certificacións ComDix**: estarán dispoñibles da Carpeta cidadá da sede electrónica da Xunta de Galicia de cada alumno/a. O alumnado tamén a recibirá a través da aplicación Abalar.
- **Documentos de acreditación** para alumnado que titule sen superar a proba específica OU que non titule e supere a proba específica: poderase **solicitar no centro unha vez rematado o curso**.

☰ Acreditación de persoas que obtivesen o título de ESO nos cursos 2021/22 ou 2022/23:

- Se participaron no programa **E-dixgal** un **mínimo de 3 cursos académicos** poderán solicitar a acreditación **no centro no que rematasen 4º ESO**.
- Solicitud entre o **2 e o 15 de maio de 2024 (ANEXO V)**. A solicitud deberá ir acompañada dun documento que acredite a súa participación en E-dixgal no ano académico e no curso indicado pola persoa solicitante.
- **Dirección**: enviar os datos das persoas que cumpren os requisitos para obter a certificación ComDix de nivel iniciación (entre o **16 e o 31 de maio**).
- Validez: **5 anos**.

